

RODRÍGUEZ & REI

Desconcerto

A compañía

Desconcerto non é un espectáculo teatral con orquestra, é un espectáculo teatral de orquestra, na que os músicos da banda son os únicos protagonistas.

Trátase dunha montaxe dunha duración aproximada dunha hora que mestura música, teatro e humor para ofrecer unha imaxe amena da música clásica.

Creado e dirixido por Fran Rei, e dinamizado en escena polo actor e percusionista Félix Rodríguez, *Desconcerto* é un divertido programa musical onde pezas clásicas conviven con rutinas teatrais cómicas protagonizadas pol@ director/a e @s membros da banda, artellando un atractivo e divertido espectáculo para todos os públicos.

Como composicións básicas deste proxecto, propoñemos: Sandpaper Ballet, de Leroy Anderson, Sinfonía Pastoral, de Leopold Mozart, The Typerwriter, de Leroy Anderson, Immer Kleiner, de A. Schreiner, Sparkling Drums, de Ted Huggens ou V Sinfonía, de Beethoven.

Fran Rei é cómico, guionista e director teatral con preto de 20 anos de experiencia. Nos últimos anos dirixiu espectáculos como SuperGalácticos (Código Morsa), Volta á Maxia (Dani García), Ritmo de Refugallo (Trío Refugallo) ou Concerto Singular (Píscore).

Félix Rodríguez é músico desde os doce anos, cando comeza a súa andadura musical na escola da Banda Artística de Merza. Ben como músico, ben como actor cómico ten participado en espectáculos coas compañías Culturactiva S. Coop. Galega, Trío Refugallo, Píscore e Odaiko Percussion Group ou Fantoches Baj.

FICHA ARTÍSTICA

Espectáculo creado por Fran Rei e Felix Rodriguez

Presentado por Félix Rodríguez

Dirección teatral: Fran Rei

Xénero: cómico-musical

Duración: 55 minutos

Público: familiar

Produción e distribución:

Culturactiva S. Coop. Galega

